

## TÍTULO IV

## TAXA SOBRE A VENDA DE BENS

## Artigo 25º —Feito imponible.

Constitúe o feito imponible da taxa sobre a venda de bens a entrega por parte dos órganos da Administración, entes ou organismos autónomos dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia dos bens solicitados.

No caso de que a subministración do ben consista en entregas parciais, o feito imponible entenderase realizado en cada unha delas.

## Artigo 26º —Suxeito pasivo.

É suxeito pasivo da taxa sobre venda de bens a persoa natural ou xurídica solicitante do ben en cuestión, en beneficio do cal se fai a entrega.

Así mesmo terán a consideración de suxeitos pasivos desta taxa as herdanzas xacentes, comunidades de bens e demais entidades que, carecendo de personalidade xurídica, constitúan unha unidade económica ou un patrimonio separado susceptible de imposición.

## Artigo 27º —Devengo.

A taxa devengarase no momento da entrega do ben.

## Artigo 28º —Tarifa.

0.1. Venda de libros oficiais de uso obrigatorio que non teñan tarifa específica.....	500
0.2. Venda de talonarios de inspeccións industriais.....	500
0.3. Libros de mantemento de instalacións frigoríficas, aparellos de presión, GLP, guindastres, calefacción e climatización ....	1.000

## DISPOSICIÓN TRANSITORIA

Mentres non se proceda ó desenvolvemento regulamentario dos procedementos de xestión, liquidación, e recadación, os ditos procedementos realizaranse conforme o previsto na normativa vixente ata o momento.

## DISPOSICIÓN DERRADEIRA

A Xunta de Galicia, por proposta do conselleiro de Economía e Facenda, desenvolverá regulamentariamente as normas do presente texto articulado dentro dos tres meses seguintes ó da súa publicación.

Santiago de Compostela, once de abril de mil novecentos noventa e dous.

Manuel Fraga Iribarne  
Presidente

José Antonio Orza Fernández  
Conselleiro de Economía e Facenda

## Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas

*Corrección de erros.—Decreto 98/1992, do 26 de marzo, polo que se regula o financiamento e a adjudicación de vivendas de promoción pública.*

Advertido erro no devandito decreto, publicado no *Diario Oficial de Galicia*, número 80, do 28 de abril, procede face-la oportuna corrección.

—Na páxina 3.539, parágrafo terceiro, na última frase, onde di: «...tendentes a evita-la fraude...», debe dicir: «...tendentes a evita-lo fraude...»

—Na páxina 3.540, no artigo 3º, punto 2, onde di: «...as condicións en que os adjudicatarios se subroguen non correspondentes...», debe dicir: «...as condicións en que os adjudicatarios se subroguen nos correspondentes...»

Na mesma páxina, no artigo 6º, punto dous, parágrafo 11, onde di: «O alcalde ou un concelleiro do Concello ondes...», debe dicir: «O alcalde ou un concelleiro do concello onde...»

—Na páxina 3.541, punto 3, parágrafo 3º, onde di: «Un funcionario da Delegación Provincial do IGVS nomeado...», debe dicir: «Un funcionario da Delegación Provincial do IGVS e outro da COTOP nomeados...»

Na mesma páxina, no artigo 10º, no apartado d), onde di: «...superior ó 20% dos ingresos totais...», debe dicir: «...superior ó 20% dos ingresos ponderados anuais totais...»

Na mesma páxina, artigo 10º, apartado II a), onde di: «...a excepción dos cambio de residencia...», debe dicir: «...a excepción dos cambios de residencia...»

—Na páxina 3.544, segundo parágrafo, onde di: «...os feitos que motivan a solicitude se producirán...», debe dicir: «...os feitos que motivan a solicitude se producirán...»

Na mesma páxina, no artigo 17º, logo do punto 2, incluí-lo seguinte parágrafo: «Durante o devandito prazo poderán formular reclamacións os interesados, entendéndose por tales, tanto os integrados na lista que se consideren prexudicados, como aqueles que non figuren nela por non ter sido aceptada a trámite a súa solicitude.»

Na mesma páxina, no artigo 17º, apartado 4, onde di: «...facultará a ponencia para prorroga-los ditos prazos, ou ben reclamar para si...», debe dicir: «...facultará á ponencia para prorroga-los ditos prazos, ou ben reclamar para si...»

Na mesma páxina, no artigo 19º, onde di: «..., e que figurando nas listas previas foron excluídos...», debe dicir: «..., e os que figurando nas listas previas ou provisionais foran excluídos...»

—Na páxina 3.546, no artigo 24º, apartado 2 a), na última liña onde di: «..., o prezo citado incrementarase nun 2% e/ou 8%, respectivamente...», debe dicir: «..., o prezo citado incrementarase nun 2% e/ou 8%, respectivamente, do valor da vivenda correspondente.»

Na mesma páxina, no artigo 24º, apartado 2 b), onde di: «..., a familias con ingresos inferiores ó salario...», debe dicir: «..., a familias con ingresos ponderados anuais totais inferiores ó salario...»

—Na páxina 3.547, no segundo parágrafo, onde di: «..., a comisión provincial...», debe dicir: «..., a ponencia técnica da comisión provincial...»

Na mesma páxina, no cuarto parágrafo, onde di: «..., determinaraos en cada caso a comisión provincial...», debe dicir: «..., determinaraos en cada caso a ponencia técnica da comisión provincial de vivenda...»

—Na páxina 3.548, no punto 6 do apartado b), onde di: «...ou para a súa familiar: 75 puntos.», debe dicir: «...ou para a súa familia: 75 puntos.»

Na mesma páxina, no punto 3 do apartado c), onde di: «...circunstancias descritas nas alíneas , b e c: 3 puntos.», debe dicir: «...circunstancias descritas nas alíneas a, b e c: 3 puntos.»

Na mesma páxina, no apartado g), cuarto parágrafo, onde di: «Desde 1,5 ata 2,5 do SMI...», debe dicir: «Desde 1,5 ata 2 do SMI...»

—Na páxina 3.549, no apartado B). f), onde di: «Persoas separadas legalmente ou de feito con familiares...», debe dicir: «Persoas separadas legalmente con familiares...»

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### Consellería da Presidencia e Administración Pública

*Resolución do 11 de xuño de 1992, da Escola Galega de Administración Pública, pola que se apraza o comezo do curso para a obtención do diploma de Inspección de Servizos da Xunta de Galicia.*

Por resolución da Escola Galega de Administración Pública do 15 de maio de 1992 (DOG do 25 e 26 de maio) convocouse o primeiro curso para a obtención do citado diploma de Inspección de Servizos, facéndose constar no punto 5º que tal curso comezaría o 12 de xuño e remataría o 31 de xullo de 1992.

Como consecuencia do gran número de instancias presentadas e do conseguinte traballo que isto comporta para a comisión de valoración, cómpre apraza-lo comezo do citado curso.

En consecuencia, resólvese:

Sinalar como data de presentación e comezo do curso a do 22 de xuño de 1992, ás 16.30 horas, e a de remate o 13 de setembro do mesmo ano, con interrupción do curso durante todo o mes de agosto. Modifícase deste xeito o citado punto 5º da resolución do 15 de maio de 1992.

Santiago de Compostela, 11 de xuño de 1992.

Jaime Rodríguez-Arana Muñoz  
Director da Escola Galega de Administración Pública

#### Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

*Resolución do 25 de maio de 1992, da Dirección Xeral de Educación Básica, pola que se autoriza a ampliación de unidades do segundo ciclo de educación infantil ós centros privados que se relacionan no anexo.*

Examinados os expedientes incoados polos titulares dos centros privados que se relacionan no anexo da presente resolución nos que solicitan amplíalo número de unidades para escolarizar alumnos do segundo ciclo de educación infantil.

Resultando que os expedientes se tramitaron polas respectivas delegacións provinciais de Educación e Ordenación Universitaria que os envían con proposta favorable á vista dos informes emitidos polas inspeccións ó servizo da Administración educativa, das unidades técnicas de construcións e das oficinas de supervisión de proxectos.

Vistos a Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo (BOE do 4), o Real decreto 1.004/1991, do 14 de xuño (BOE do 26), polo que se establecen os requisitos mínimos dos centros que impartan ensinanzas de réxime xeral non universitario e demais disposicións que lles son de aplicación.

Considerando que os devanditos centros privados teñen autorización ou clasificación definitiva para impartir educación preescolar.

Considerando que o Real decreto 1.004/1991 establece, na súa disposición transitoria terceira, que os centros privados que teñan autorización ou clasificación definitiva para impartir-la educación preescolar, na entrada en vixencia deste real decreto, enténdense autorizados para poder impartir-lo segundo ciclo de educación infantil, sen prexuízo de a terse ó establecido na orde do 6 de maio de 1992 (DOG do 21) pola que se regula o procedemento para a implantación destas ensinanzas.

Considerando que, de acordo cos informes emitidos, os centros reúnen os requisitos necesarios.

Esta dirección xeral resolveu:

Autoriza-la ampliación de unidades do segundo ciclo de educación infantil ós centros privados que se relacionan no anexo da presente resolución, facendo constar que, para a súa posta en funcionamento, a titulación do profesorado deberá axustarse ó establecido nos artigos 14 e 16 do Real decreto 1.004/1991.

O que lle comunico a V.I. para o seu coñecemento e efectos oportunos.

Santiago de Compostela, 25 de maio de 1992.

Jaime García y García  
Director xeral de Educación Básica

Ilmo. Sr. Subdirector Xeral de Profesorado e Centros